



Alonso Escontrela, M^a Luisa
Álvarez Moreira, José Ángel
Álvarez Rodríguez, Rosana
Andión Rodríguez, M^a Nuria
Arévalo Tomé, Raquel
Badaoui Fernández, Aida
Báez Montero, Inmaculada.C.
Barajas Alonso, Ángel A.
Basalo Domínguez, David
Benítez González, Julio
Blanco Pesqueira, Antonia
Botana Ferreiro, Francisco Ramón
Cabeza Pereiro, M^a Carmen
Calvo Rapado, José M^a
Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
Castro Rodríguez, Fidel
Cebro Rodríguez, Juan M.
Cid Fernández, Xose Manuel
Cid Sabucedo, Alfonso
Cifuentes García, Ángel
Corbacho Rosas, Eusebio
De La Torre Fraga, Daniel
De Oca Cancela, Guillermo
De Vicente Remesal, Javier
Deaño Deaño, Manuel
Domínguez Castro, Luis
Domínguez Santiago, M^a De Los Ángeles
Durany Castrillo, José
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Fernández, Federico
Fernández López, Roberto Ignacio
Fernández Sobrino, Ramón A.
Fraiz Brea, José Antonio
García Paz, Francisco Javier
García Vázquez, José Manuel
Gil Martín, Emilio
Gil Villanueva, José M^a
Gómez Gude, Jorge Juan
Gómez Reboiro, José Luis
González Álvarez, Dolores
González Crespán, M^a Araceli
González Novas, Roberto
González Piñeiro, Manuel
González Martínez, Xosé Manuel
Hernández Sánchez, Jesús
Iglesias Canle, Inés Celia
Iglesias Galán, M^a Hilda
Iglesias Randulfe, M^a Teresa
Labandeira Villot, Xavier
Lago Teijeiro, Juan Miguel
Lanaja Del Busto, José M.
Legido Soto, José Luis
Liz Marzán, Luis Manuel
Llamas Nistal, Martín
López Mira, Alvaro Xosé
López Vidal, M^a Del Pilar
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel
Marti Pellón, Daniel
Martínez Senra, Ana Isabel
Matias Fernández, José María
Mato De La Iglesia, Salustiano
Mazaira Castro, Andrés
Membiola Iglesia, Pedro
Méndez Martínez, Gonzalo

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 6 de maio de dous mil catro, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O xoves, **día 6 de maio de 2004**, ás 12:25 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte Orde do día:

- 1.- Informe do Reitor.
- 2.- Debate e aprobación, se procede, dun documento base coa proposta da Universidade de Vigo para a reforma do modelo de financiamento do sistema universitario galego.

En ausencia do Reitor preside o profesor Ramos Cabrer.

Punto 1.- Informe do Reitor.

Non hai informe por estar ausente o Reitor.

Non obstante o profesor Ramos informa, a petición do Reitor, que na reunión da CRUE da semana pasada en Alicante a Ministra de Educación non deu información ningunha sobre os aspectos da LOU que se van reformar, polo que non hai novidades nese tema de momento.

Punto 2.- Debate e aprobación, se procede, dun documento base coa proposta da Universidade de Vigo para a reforma do modelo de financiamento do sistema universitario galego.

O presidente informa dos acordos da mesa sobre o desenvolvemento deste punto:

Intervirá en primeiro lugar o Vicerreitor de Planificación en defensa do documento base enviado aos claustrais. A continuación, en defensa das emendas, os asinantes das mesmas: o profesor Tojo Suárez e o profesor Prada Blanco.

Volverá a intervenir o Vicerreitor de Planificación en defensa da transacción acadada entre o documento base e as emendas presentadas.

Finalmente haberá unha quenda de intervencións.

Nombela Castaño, Miguel Ángel
Otero Camiña, José Luciano
Palacio Sánchez, Xosé Antón
Palanca González, Mercedes
Pastrana Castro, Lorenzo Miguel
Pazó Martínez, M^a Consuelo
Pérez Guerra, Javier
Pita Grandal, Ana M^a
Pose Blanco, José
Prada Blanco, Albino
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rey García, Daniel
Rjal Otero, Ángel
Rivas Conde, Filemón
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier
Rodríguez Piñeiro, Ana M^a
Rodríguez Seoane, María Pilar
Sánchez Bello, Patricio
Sánchez Villaverde, Natividad
Sanromán Braga, María De Los Ángeles
Santalla Del Río, Verónica
Seoane Pampín-Montenegro, Anselmo
Suárez Pazos, Mercedes
Suris Regueiro, Juan C.
Tojo Suárez, M^a De La Concepción
Tojo Suárez, José E.
Troncoso Durán, Dolores
Tugores Martorell, Francisco
Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique
Vázquez López, Ezequiel M.
Vázquez Nuñez, Fernando Antonio
Vera Isasa, María
Viso Alonso, Augusto
Villaverde Creo, Miguel Anxo

Desculpa a asistencia:

Rey García, Daniel
Vilas Martín, Federico

No sorteo da letra para a quenda de intervencións saíu o D.

O Vicerreitor de Planificación fai a defensa do documento base enviado a todos os claustrais.

Comeza por unha exposición dos motivos polos que se presenta este documento xa que, unha vez esgotado o actual acordo de financiamento, a Xunta ten que presentar antes do un de setembro de dous mil catro un novo programa de financiamento para o sistema universitario galego, sen embargo, nesta data aínda non hai ningunha actividade visible en relación con este tema polo que as tres universidades deben empezar a traballar no mesmo.

Cre que este é o momento crucial para un asunto que se podería cualificar como un asunto de estado e considera que antes de iniciar o procedemento sería bo que a Universidade de Vigo, a través do seu Claustro tivera unha posición única sobre este tema.

Sinala que as ideas básicas que inspiraron os principios fundamentais do documento son:

- O novo modelo que pode ser definido como unha foto fixa do anterior.

- O financiamento futuro do sistema universitario galego non pode estar baseado no módulo por alumno matriculado.

- O novo modelo de financiamento do SUG debe ter como meta fundamental a converxencia externa e interna.

- O modelo debe descansar sobre acordos que dean estabilidade ao SUG.

- O SUG debe asumir a competitividade no financiamento pero para isto primeiro hai que igualar.

A partir destas ideas básicas explica cómo se desenvolve o documento.

Remata a intervención sinalando que sería moito pedir acadar un cen por cen dos obxectivos expostos, pero o que se pretende é que este documento sirva para efectuar unha reflexión a fondo sobre o estado actual do modelo asociado á presenza das tres universidades que conforman o SUG e co desexo de que sexa considerado no debate da Lei xeral do SUG.

Intervén o profesor Tojo Suárez en defensa das emendas presentadas por Nova Universidade.

Comeza sinalando que Nova Universidade nunca apoiou o actual plano de financiamento e entende que o novo modelo debe definir unha serie de principios básicos que están recollidos no documento defendido polo vicerreitor e cos que coincide plenamente.

Sen embargo considera que o documento é mellorable e por ese motivo presentarón unha serie de emendas:

- En primeiro lugar un cambio no título do documento base substituíndo “reforma” por “un novo”.

- Incorporar aos principios básicos de suficiencia, converxencia, estabilidade, eficiencia e competitividade contidos no documento, o de responsabilidade.

- Substituír o título de “fondo de infraestructuras de nivelación” por “fondo de nivelación”, xa que considera que non só hai que nivelar en infraestructuras, senón no conxunto da universidade.

- Retirar o apartado 4 xa que a simulación numérica pode ser importante no momento da negociación, pero non é imprescindible nin conveniente que figure no documento a aprobar.

- O mesmo en relación co Apéndice do documento.

Remata para dicir que foron chamados polo Vicerreitor para chegar a un consenso e foron aceptadas todas as emendas presentadas, polo que Nova Universidade vai votar a favor do documento. Felicita ao Vicerreitor polo seu talante negociador.

Intervén o profesor Prada Blanco en defensa das emendas por el asinadas.

Comeza recordando que pasaron 5 meses desde que neste claustro se aprobou unha moción para que a Lei xeral do sistema universitario de Galicia incorporase un modelo de financiamento do SUG e non hai nada sobre ese tema.

Considera que o documento presentado, aínda que mellorable, é moi oportuno e incorpora datos moi interesantes e que os cambios propostos na súa emenda teñen un hilo conductor único que é o de escapar de cálculos de ficción que poden ser tomados polo que non son e crear confusión. Opina que con estas emendas o documento mantén o seu valor engadido pero non arrisca cifras que poden ser usadas fóra de contexto e considera que todo isto está recollido no novo documento transaccionado.

Propón a partir de agora avanzar en dúas fronte:

1º.- Que a lei recolla explicitamente compromisos en materia de financiamento universitario.

2º.- Que este documento sirva de referencia para que ao representante da Universidade de Vigo nos foros de debate sobre o financiamento lle sirva de modelo a ter en conta.

Finalmente intervén de novo o Vicerreitor de Planificación para explicar o documento resultante da transacción e que está a disposición de todos os claustrais.

Di que a transacción foi fácil pola boa disposición dos emendantes e que ao final o documento saíu mellorado.

Explica que no apartado 4 do novo documento inténtase refundir o que presentaban os emendantes e prescindir das cifras que podían levar a confusión. Insístese no importante e non se simula nada, xa que esto farase no foro que proceda.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Pide a palabra o Sr. Cebro para indicar que este documento presentado é para o financiamento das tres universidades galegas e sería moito mellor que o mesmo documento fose aprobado polos claustros das tres universidades, xa que sería moi prexudicial que non fósemos unidos neste tema.

Pide ao equipo de goberno que consensúe o documento coas outras dúas universidades e así mesmo solicita unha reunión do mesmo coas Xuntas de PDI, de PAS funcionario e co Comité de empresa e que esto se poida estender ás outras universidades.

Remata insistindo en que sexa o equipo de goberno da universidade o que lidere esa unión para acadar obxectivos comúns.


Intervén de novo o Vicerreitor de Planificación para sinalar que xa houbo contactos coas outras dúas universidades, principalmente coa Universidade da Coruña xa que é máis fácil compartir este documento con esta universidade. Máis complicado é consensuar coa Universidade de Santiago xa que esta leva ocupada máis dun ano en resolver pola súa conta o seu problema financeiro fóra do sistema universitario galego, polo que nesas condicións é difícil subscribir unha dinámica compartida para acadar acordos.


Considera que o que acaba de solicitar o Sr. Cebro sería o desexable e desde o equipo de goberno intentarase acadar ese consenso aínda que sexa difícil.

Rematado o debate o Presidente propón aprobar o documento por asentimento dado que xa está transaccionado.

Apróbase por asentimento (o documento aprobado figura como Anexo I).

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 horas do día 6 de maio de 2004, da que eu como secretaria xeral dou fe co Vº e pr. do reitor.

O presidente da sesión

Manuel Ramos Cabrer

A secretaria xeral

Mª Teresa Iglesias Randulfe